

## PROGRAMA VOLUNTARIADO E ACCIÓN SOCIAL 18/19

Lanzamos un curso máis o programa de voluntariado con intención de animar a participar ó alumnado +16, ás familias e a toda a comunidade escolar en xeral.

Haberá unha pequena formación a cargo de Cáritas o martes 30 de outubro de 18:30 a 19:30 no Centro Loiola. Cada un dos voluntariados conta cun seguro de responsabilidade civil.



Para aclarar dúbidas e/ou anotarse:

Tfn. contacto 652 887 417

Correo-e: voluntariado@colegioapostol.com

INSTITUCIÓN	ACTIVIDADE	HORARIO E LUGAR
PROVIVIENDA	<p><i>Reforzo académico:</i>                      Ata o de agora hai un rapaz venezolano de 3º ESO e unha rapaza siria de 4º ESO que precisan apoio académico na rama das ciencias (F.Q., matemáticas, etc)                      Coa posibilidade que co tempo aumente o número de nenos e nenas con necesidades e tamén de persoas adultas.</p>	<p>MÉRCORES 16:30 a 18:00                       Local de Provivienda.</p>
RESIDENCIA SANTA MARTA	<p><i>Acompañamento a mulleres da zona de comedor de dependentes.</i></p>	<p>SÁBADOS 12:20 a 13:45                      Residencia Santa Marta.</p>
APOIO ESCOLAR-CÁRITAS	<p><i>Apoio escolar: De nenas e nenos de Educación Primaria do barrio de Teis. Son rapaces e rapazas con situacións familiares complexas, que teñen dificultades académicas.</i></p>	<p>LUNS E XOVES 17:15 a 18:45                      Centro Gárate.</p>
XARUMA	<p><i>Estimulación cognitiva:</i>                      Actividade que traballa, a través do xogo, cinco esferas: memoria, concentración, atención, percepción e linguaxe. A actividade está destinada a persoas con enfermidades mentais que diariamente levan a cabo actividades na entidade. A labor do voluntariado será a de apoiar ao monitorado e levar a cabo os xogos e actividades propostas. Sempre estarian en compañía dun monitor ou monitora. Ata decembro será un grupo pequeno, dunhas 5 ou 6 persoas, e a partir de xaneiro o grupo podería ascender a 20 participantes.</p>	<p>MÉRCORES 17:30 A 19:00                       Local de Xaruma, dentro do Centro Gárate.</p>
SECRETARIADO GITANO	<p><i>Reforzo académico:</i>                      A nenas e nenos de Educación primaria.</p> <hr/> <p><i>Programa "Sar-san" con mulleres ciganas:</i>                      Co obxectivo de que adquiren hábitos de vida saudable na casa (alimentación, saúde, etc.)</p>	<p>MÉRCORES 16:30 a 18:00                      Local de Secretariado Gitano</p> <hr/> <p>POLAS MAÑÁS                      Local de Secretariado Gitano</p>